

CERTAME DE TEATRO INTERCENTROS SECUNDARIA (ABRIL)

DATA	HORA	LUGAR	CENTRO	GRUPO	OBRA	DURACIÓN	PÚBLICO RECOMENDADO
Xoves 7	12.00	IES Rosalía de Castro	IES Rosalía	"Rosalía 1"	<i>Un misterio por descubrir</i>	50'	1º e 2º da ESO
Luns 11	10.30	Xelmírez I	IES Xelmírez I	"Vai no dentista"	<i>Illa muller</i>	50'	3º e 4º ESO e Bacharelato
Luns 11	12.00	IES Rosalía de Castro	IES Rosalía	"Rosalía 3"	<i>De mal en peor</i>	80'	Bacharelato
Martes 12	12.00	IES Rosalía de Castro	IES Rosalía	"Rosalía 2"	<i>Macbeth</i>	45'	3º e 4º da ESO
Mércores 13	12.00	IES Xelmírez I	IES Antón Fraguas	"Tantometín"	<i>Animallíños</i>	45'	ESO e BAC
Xoves 14	10.30	IES Rosalía de Castro	IES Eduardo Pondal	"Teatro Insoportable"	<i>Contos perversos</i>		ESO e BAC

CERTAME DE TEATRO INTERCENTROS PRIMARIA (MAIO)

DATA	HORA	LUGAR	CENTRO	GRUPO	OBRA	DURACIÓN	PÚBLICO RECOMENDADO
Mércores 4	10.30	Fac.Cª da Educación/Campus Norte	Lamas de Abade	"Sextoa"	Romeo e Xulieta para nenas e nenos	40'	Todos os públicos primaria
Mércores 4	12.00	Fac.Cª da Educación/Campus Norte	San Jorge		A Bomba e o Xeneral	25'	Todos os públicos primaria
Xoves 5	10.30	Fac.Cª da Educación/Campus Norte	CEIP de Vite		A ratiña feroz	15'	Todos os públicos de primaria
Xoves 5	11.15	Fac.Cª da Educación/Campus Norte	López Ferreiro		Restaurante O Galego	15'	Todos os públicos primaria
Xoves 5	12.00	Fac.Cª da Educación/Campus Norte	CEIP de Vite		A consulta do doutor	20'	5º e 6º de primaria
Venres 6	10.30	Fac.Cª da Educación/Campus Norte	CEIP Ramón Cabanillas		As fabulas de Esopo	30'	Todos os públicos primaria
Venres 6	12.00	Fac.Cª da Educación/Campus Norte	CPR San José de Cluny		Churrascadas	20'	Todos os públicos primaria

O Xurado estará integrado polo alumnado asistente e por profesionais do teatro.

AS OBRAS PREMIADAS REPRESENTARANSE NO
TEATRO PRINCIPAL
OS DÍAS 16 E 18 DE MAIO DE 2011 ÁS 20 HORAS

Organizan:
COORDENADORA DE EQUIPAS DE
NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA E O DEPARTAMENTO
DE EDUCACIÓN DO CONCELLO DE SANTIAGO



XVI certame de teatro intercentros de compostela e comarca



Salón de actos dos Institutos
Rosalía de Castro e Xelmírez I os días 7, 11, 12, 13 e 14 de abril
Salón de actos da escola de Maxisterio
os días 3, 4 5 e 6 de maio de 2011

Centro: IES Rosalía de Castro

Nome do grupo: Rosalía 1

Obra: *Un misterio por descubrir*

Público ao que vai dirixida: 1º e 2º da ESO

Sinopse: Unha casa levantada polo díaño. “Obra dun home non pode ser unha casa que ten dous andares por fóra e por dentro un só”. Nada se sabe da familia que alí vivía e que desapareceu da noite para a mañá, hai quince anos. O misterio está nos ruidos que alí se oen polas noites: música de piano, timbres, a voz dunha muller pedindo auxilio:... “Ata hai quen asegura ter visto o camián pantasma”.

Centro: IES Rosalía de Castro

Nome do grupo: “Rosalía 2”

Obra: *Macbeth*

Público ao que vai dirixida: 3º e 4º da ESO

Sinopse: Cando o poder está en xogo non hai escudo que poida disimular a miseria humana. A crueldade da nosa alma delátase ante un trono sen coroa. Cando os voitres acoden ao festín non importan os medios para conseguir o anaco máis saboroso. Macbeth e a súa dona non se deterán ata lograr o seu propósito. Mancharán as mans con sangue que nin a auga de todos os océanos poderán lavar.

Centro: IES Rosalía de Castro

Nome do grupo: Rosalía 3

Obra: *De mal en peor*

Público ao que vai dirixida: Bacharelato

Sinopse: Dúas familias un tanto misteriosas. Un momento e espazo en común, no pasado. Un suceso que desencadeou a perturbación de máis dun membro destas familias. Unha nova xeración encargada de investigar o acontecido. Pode o pasado marcar o noso futuro sen telo coñecido? É capaz a forza do amor de traspasar barreiras temporais ou trátase dun desvarío?

Centro: IES Xelmírez I

Nome do grupo: Vai No Dentista

Obra: *Illa Muller*

Público ao que vai dirixida: 4º de ESO e 1º de BAC

Sinopse: Un grupo de mulleres decide crear unha sociedade feita por e para elas, sen homes. Un grupo de rapazas que son case mulleres tratan de reinventar a sociedade establecéndose soas nunha illa. Mulleres que teñen o poder. Mulleres, sempre guerreiras, que teñen que poñerse de acordo para facer levadeira a convivencia. ¿Como procrearán sen homes? E, de ter fillos, ¿que farían cos varóns? ¿Será como a “lei de fillo único” china pero ao revés? ¿Pode existir unha sociedade idílica?

Centro: IES Eduardo Pondal

Nome do grupo: Teatro Insoportable

Obra: *Contos perversos* (versión galega e adaptación libre de *Contos en verso para nenos perversos* de Roald Dahl). Dirección de Clara Gayo e Coordinación de Miguel Vázquez Freire.

Sinopse: Que difícil atopar unha historia que convenza a todo o mundo cando de facer teatro se trata! Mais é ben certo que todo o mundo coñece eses contos maravillosos da “Carapuchiña vermella”, “Os tres porquiños”, “A Cincenta” ou “Branca-neves e os sete ananiños”. Contos para crianzas pequenas! Estades seguros, rapaces? Estades seguras, rapazas? O “Teatro Insoportable” pon sobre as táboas a verdadeira historia deses personaxes dos que todos crían sabelo todo. Unha verdade, as veces, ignorada e inesperada. Unha verdade abraiante e impresionante. Unha verdade, se cadra, por veces, mesmo... insoportable.

Centro: IES Antonio Fraguas

Nome do grupo: “TANTOMETÉN”

Obra: *Animaliños* (a partir do texto orixinal de Roberto Vidal Bolaño)

Público ao que vai dirixida: 4º ESO e BAC

Sinopse: Uns adosados de contos de fadas, con garaxe, acabados perfectos, preto da cidade e das escolas...todo o que calquera podería desexar... E o mellor de todo... con xardín. Ata que unha praga de caracois fai a súa terrible aparición neste remanso de paz. Nada máis importa, nin a familia, nin a hipoteca e o Euribor, os conflitos persoais, raciais e internacionais. O único que conta é rematar coa praga e protexer os nosos e os vosos xardíns. A estupidez humana na súa máxima e cotiá expresión.

Centro: CEIP Ramón Cabanillas:

Obra: *As fabulas de Esopo*

Público ao que vai dirixida: estudantes de primaria

Sinopse: Recreación sobre as fabulas de Esopo

Centro: CEIP López Ferreiro

Obra: *Restaurante O Galego*

Público ao que vai dirixida: estudantes de primaria

Sinopse: Unha parella discute sobre o uso do galego nas súas relacións

Centro: CPR San José de Cluny

Obra: *Churrascadas*

Público ao que vai dirixida: estudantes de primaria

Sinopse: estamos no mercado, con diferentes postos de roupa usada, calzado, ferramentas... as vendedoras falan entre si e tentan de atraer a atención dos compradores.

Centro: CPR San Jorge

Obra: *A bomba e o xeneral* Adaptación libre do conto do mesmo título de Eugenio Corme e Umberto Eco

Público ao que vai dirixida: estudantes de primaria

Sinopse: Que pasaría se os átomos dunha bomba atómica decidisen saír cando un xeneral xeneralísimo e uns señoróns proclaman unha guerra guerrísima?

Centro: Lamas de Abade

Grupo: Sextoá

Obra: *Romeo e Xulieta para nenas e nenos*

Sinopse: Nesta adaptación feita pola directora de teatro Olga Margallo, os personaxes de “Romeo e Xulieta” enfróntanse ao seu autor, William Shakespeare, para liberarse do tráxico final que escribiu para eles. Conseguirano?

Centro: CEIP de Vite

Obra: *A consulta do doutor*

Público ao que vai dirixida: estudantes de 5º e 6º de primaria

Sinopse: Un doutor sen sorte na súa profesión decide trasladarse a unha aldea dun pobo de Galicia. A acción desenvólvese na sala de espera da consulta dun médico da Seguridade Social no seu primeiro día de traballo.

Centro: CEIP de Vite

Obra: *A ratiña feroz*

Público ao que vai dirixida: estudantes de primaria.

Sinopse: un gato tendeiro algo lerias, un porco orgulloso, un galo coqueto... como a pequena ratiña presumida atopará un noivo xeitoso entre eses elementos.